

Competencias Dixitais da poboación galega

Ano 2021



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2022

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Contidos

- | | | |
|-------|--|---------|
| I. | Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais | Páx. 4 |
| II. | Modelo de análise | Páx. 11 |
| III. | Competencias Dixitais Xerais da poboación galega | Páx. 14 |
| IV. | Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións | Páx. 22 |
| V. | Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións e características sociodemográficas | Páx. 29 |
| VI. | Perfís da poboación que acada competencias polo menos básicas (básicas ou avanzadas) | Páx. 36 |
| VII. | Conclusións | Páx. 44 |
| VIII. | Outros estudos OSIMGA de referencia | Páx. 46 |



I. Contexto galego e marco europeo de competencias dixitais

Fontes Consultadas no capítulo:

<https://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=8322&capsel=8338>

http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_executivo_fogares_2021_0.pdf

http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_empresas_ine.pdf

http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_hipersector_tic_2021.pdf

http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_mulleres_tecnologas_2020.pdf

http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/20210709informe_xenero_2021.pdf

http://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/diagnostico_exunta_2021.pdf

I. Introducción

Este informe elabórase no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, centrada no novo contexto da transformación dixital, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ningúen atrás”.

O 2 de setembro de 2021, o Consello da Xunta de Galicia aproba o Decreto que regula o novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. O Marco galego de competencias dixitais establece os criterios para avaliar e certificar os coñecementos e as habilidades para os novos contextos dixitais da cidadanía. Nesta aposta, Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.

Neste contexto é vital coñecer a situación de partida e valorar as necesidades para que a dixitalización sexa unha vantaxe para todos. Así, para a realización deste informe analizáronse os **datos publicados en abril do ano 2022**, procedentes da Enquisa TIC nos fogares do ano 2021 realizada polo INE, que permite obter unha foto da situación actual das competencias dixitais en Galicia aplicando metodoloxías propostas polo propio INE e EUROSTAT.

Ata a edición de 2020, analizábase a poboación galega en relación a catro niveis de competencias dixitais: *ningunha, baixa, básica e avanzada*. No 2021 o INE modifica a metodoloxía e establece 6 niveis: sen *habilidades, limitada, reducida, baixa, básica e avanzada*.

Na edición anterior analizábanse 4 áreas competencias, relacionadas coa **Información** (buscar información na rede, interaccionar coas Administracións Públicas entre outras), a **Comunicación** (usar o correo electrónico, redes sociais, etc.), a **Resolución de problemas a través de Internet** (compras, aprendizaxe en liña, entre outras actividades) e o **Uso de software** (editar fotos, follas de cálculo, etc.). En 2021 engádese unha quinta dimensión, a de **Ciberseguridade**.

O informe persigue tres grandes obxectivos:

- ✓ Determinar as habilidades dixitais da poboación galega de 16 a 74 anos.
- ✓ Describir os diferentes niveis de habilidades dixitais e informáticas da poboación tendo en conta o perfil socio demográfico.
- ✓ Ser un marco de referencia para medir as tendencias e necesidades para a dixitalización da poboación galega.

I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dinámicas da poboación galega


As dinámicas demográficas da poboación galega contan cunha serie de peculiaridades propias que se deben ter en conta cando se fala de sociedade dixital e inclusión dixital.

Galicia caracterízase por un nivel de avellentamento significativo, que tamén se observa en toda Europa. Pódese apreciar na pirámide de poboación unha tendencia común á maior parte dos países de Europa. A poboación galega acada unha media de idade de 48 anos fronte aos 44 anos de media de España e da UE.

Ademais, máis do 75% da poboación reside nas dúas provincias occidentais de Galicia (A Coruña e Pontevedra) e existe, a día de hoxe, máis peso da poboación feminina (en 2022 as mulleres representan o 51,9% da poboación galega). Son cuestións a ter en conta ao avaliar as políticas e accións que se traduzan nunha sociedade dixital máis inclusiva.

Dende hai dous anos obsérvase que fenómenos como o teletraballo, a educación a distancia, a dixitalización da administración e servizos financeiros ou o comercio electrónico fan que as capacidades dixitais sexan factores clave na nosa sociedade.

Pirámide de Poboación de Galicia




Fonte: INE. Estatística do Padrón Continuo. Datos provisionais ao 1 de xaneiro de 2022. Elaboración Propia

Economía Dixital e Empresas: O crecemento do Sector TIC e as novas tendencias: Teletraballo e Tecnoloxías Disruptivas

O sector tecnolóxico galego crece con vigor e rexistra 2.961 empresas activas no ano 2020 (64 empresas máis ca en 2019), cun volume de negocio de 2.908 millóns de euros, un 1,3% máis que o ano anterior. Cun Valor Engadido Bruto (VEB) superior aos 1.711 millóns de euros, o sector TIC supón o 2,69% do PIB total de Galicia (Fonte: OSIMGA. Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia. Edición 2021)

Nas empresas tecnolóxicas galegas, en 2021, o 63% afirma contar con empregados que teletraballan, e acadan o 76,8% nas empresas de Telecomunicacións e o 74,3% nas de Actividades Informáticas.

Outras tendencias observadas nas empresas TIC galegas neste último ano son a implantación das tecnoloxías disruptivas. A tecnoloxía disruptiva con máis presenza nas empresas TIC galegas é a Internet das Cousas (34,2%). O 28,7% das empresas TIC galegas utiliza ou incorpora aos seus produtos ou servizos Business Intelligence e o 24,2% emprega Chatbots. O 22,5% das empresas TIC galegas analizan Big Data e máis do 21% das empresas TIC galegas utilizan ou incorporan aos seus produtos ou servizos Intelixencia artificial.



O 34,2% das empresas TIC galegas xa utilizan IoT (Internet das Cousas).

O 22,5% manexa Big Data.

O 21,6% das Empresas TIC fai uso da Intelixencia artificial.



I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dixitalización dos fogares galegos


A porcentaxe de fogares con Internet contratado crece un 2,1% en 2021, ata o 92,2% segundo se indica no estudo [*"Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2021"*](#) elaborado polo OSIMGA.

A porcentaxe de fogares con Internet contratado en Galicia, crece un 7,7% de 2018-2021, máis do dobre que a media europea (3,4%).



Fogares con Internet Contratado
Evolución Galicia 2018-2021

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018-2021)




O 92,2% dos fogares galegos contan con Internet contratado e a porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet de máis de 100 Mbps case se triplicou no período 2018 a 2021, e xa é do 30%.

No 2021 continúa a afianzarse a dixitalización dos fogares galegos. En termos absolutos, 868.954 fogares galegos onde reside algunha persoa de 16 a 74 anos ten contratado Internet, cun incremento de 65.516 fogares nos últimos catro anos.

A contratación de Internet dos fogares nos concellos de menos de 5.000 habitantes aumentou un 2,3% no último ano e sitúase no 86,1% e no 90,9% nos concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.



Fogares con Internet contratado
Ano 2021



Fonte: OSIMGA + IGE 2021

I. I. Economía e Sociedade Dixital en Galicia

Dixitalización dos fogares galegos

O teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet –smartphone– (90,7% da poboación) é o dispositivo máis estendido entre a cidadanía de Galicia.



No 2021, o crecemento dos internautas galegos é do 1,9% o que supón que 1.758.193 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, cun incremento de 177.911 internautas nos últimos catro anos.




As actividades preferidas dos internautas galegos no 2021 son ler noticias, xornais o revistas en liña (87%), telefonar ou realizar videochamadas usando apps (83,1%), usar banca electrónica (74,6%) e participar nas redes sociais (71,3%).

A porcentaxe de internautas galegos que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para obter información foi do 81,9%, o que supón un incremento do 9,2% respecto ao ano anterior e sitúa a Galicia por riba dos valores estatais e europeos.

Tal e como se recolle no estudo *"Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2021"*, o 78,7% dos fogares galegos dispoñen de ordenadores, o que supón un crecemento do 3% no último ano, rexistrando un crecemento similar ao do Estado, no que este indicador tivo un aumento do 2,8%.

A dixitalización dos fogares e as persoas constátase a través deste indicador, xa que desde 2018 incrementouse nun 7,8% a súa presenza nos fogares galegos, mentres que, a nivel estatal, ese incremento supuxo o 5,3%.

Fogares con Ordenador
Ano 2021



Fonte: OSIMGA + IGE 2021




En 2021, o 9,7% dos fogares galegos dispón de altosfalantes intelixentes e o 5,5% conta con dispositivos de seguridade conectados a Internet



Equipamento tecnolóxico dos fogares galegos. 2021

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



I. II. Perfil sociodemográfico do Internauta

INCLUSIÓN DIXITAL-CONVERXENCIA COA UE

No ano 2021, o 89,4% da poboación galega con idade entre 16 e 74 anos utilizou Internet, crecendo un 1,9% respecto ao ano anterior

A evolución do uso de Internet no período 2018-2021 é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou os usuarios activos da Internet nun 11,6% dende o ano 2018, fronte ao 9,1% do conxunto de España e o 6% da Unión Europea.


A converxencia de Galicia cos niveis de dixitalización de España e Europa mellora no 2021 xa que o uso da Internet en Galicia nos últimos tres meses (89,4%) é superior a media europea (89%).

O uso de Internet entre as persoas de entre 16 e 44 anos en 2021 foi practicamente universal en Galicia, con porcentaxes moi similares aos da media española e europea.



Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Galicia, evolución

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2018-2021)

Internautas: estratos con máis incidencia no uso de Internet. 2021

SEXO: MULLER

89,6%

IDADE: 16-24 ANOS

99,6%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

99,8%

ESTUDOS: UNIVERSITARIOS

99,6%

HÁBITAT: MÁIS DE 50 MIL HABITANTES

93,5%

Nº PERSOAS NO FOGAR: 4 MEMBROS

95,3%

Fonte: OSIMGA + IGE (2021)


I. III. Transformación Dixital

TENDENCIAS QUE SE AFIANZAN


A DIXITALIZACIÓN DESDE UNHA PERSPECTIVA DE XÉNERO

O 89,6% das galegas e o 89% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses. É un dato que corrobora a eliminación da fenda de xénero entre galegos e galegas a nivel global, seguindo a tendencia observada tamén no territorio estatal e europeo.

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución e comparativa Galicia, España, UE.



Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses. Evolución e comparativa Galicia, España, UE.



Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2018-2021)

SOCIEDADE DIXITAL INCLUSIVA

AS FENDAS ESTRÉITANSE

A idade continúa a ser unha variable relacionada co nivel de dixitalización. Ata os 44 anos converxen os indicadores para Galicia coa media estatal. Destaca o uso de Internet entre os mozos/as galegos/as, onde o 99,6% indica que se conectou a Internet nos últimos tres meses.

Os maiores, seguen avanzando na súa dixitalización, achegándose a valores próximos ao 60% de poboación internauta de entre 64 e 75 anos. No 2021, obsérvase un 10,8% de internautas máis que no ano anterior no tramo de idade de 65 a 74 anos.

Estudantes, ocupados e persoas con nivel formativo secundario ou superior acadan un uso practicamente universal de Internet. Os colectivos que máis aumentan o seu nivel de dixitalización no último ano son as persoas xubiladas (+8,4%) e as que realizan tarefas do fogar (+5,7)

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat en Galicia. Nos concellos de máis de 20.000 habitantes, supera amplamente a media galega e acada unha porcentaxe do 91,2% entre 20.000-50.000 e 93,5% para máis de 50.000. Cabe salientar, especialmente, o incremento do 1,9% no uso de Internet experimentado polos residentes nos concellos de ata 5.000 habitantes no último ano, amosando síntomas de converxencia cos hábitats urbanos.



II. Metodoloxía

A Comisión Europea estableceu, a través do Eurostat, **un indicador de competencias dixitais da poboación** que se integra na dimensión de Capital Humano do índice DESI, co que se mide a dixitalización dos países membros da UE.

Para construír este indicador tómanse os datos que proveñen da Enquisa TIC a fogares dos países membros.

Ata 2021, o indicador de competencias dixitais está formado por catro dimensións que permiten construír o índice que mide as habilidades dixitais da poboación:

- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa información e alfabetismo de datos
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa comunicación e colaboración
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa creación de contidos dixitais
- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa resolución de problemas

En 2021 engádese unha nova dimensión, que se inclúe por tanto neste informe:


- ❖ Competencias e habilidades relacionadas coa Seguridade (competencias informáticas)

A fonte de información a utilizar para a elaboración deste informe son os datos da «Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías de información e comunicación dos fogares» (Enquisa TIC- H) do INE dos anos 2019, 2020 e 2021.



Nota: En todas as dimensións establécese a categoría de "Non avaliábeis" que son as persoas de 16 a 74 anos que non se conectaron a Internet nos últimos 3 meses

II. METODOLOXÍA Compoñentes das competencias dixitais





III. Competencias Dixitais Xerais da poboación galega

III. Competencias Dixitais

Indicador Global



Habilidades dixitais da poboación galega
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (ETH) 2021
Base: Persoas de 16 a 74 anos

A transformación dixital da sociedade galega refléxase nos datos obtidos no indicador de Competencias Dixitais. No 2021, o 35,1% de galegos e galegas entre 16 e 74 anos ten competencias dixitais avanzadas, é dicir, máis dun terzo dos galegos/as dispoñen de nivel avanzado de habilidades dixitais nas cinco dimensións que se inclúen na análise. Ademais, o 61,6% dos galegos/as xa dispón de cando menos competencias dixitais básicas.

III. Competencias Dixitais

Indicador Global-Evolución Galicia



Fonte: INE (ETH) 2019-2020
Base: Persoas de 16 a 74 anos

As competencias básicas ou avanzadas pasan do 52,1% ao 61,6%. Así, a porcentaxe de galegos/as que posúen cando menos competencias dixitais básicas aumentou un 18,2% no último ano*

No último ano, a porcentaxe de galegos/as que ten competencias dixitais avanzadas mantense a pesares de que a nova metodoloxía incorpora unha nova dimensión no modelo de análise, o que incrementa os requisitos para acadar un nivel global de competencias "avanzadas" (acadar o nivel avanzado en todas as dimensións sen excepción).

* A comparación é orientativa xa que en 2021 inclúese a análise de novas actividades, dúas categorías de clasificación adicionais e dunha dimensión adicional: seguridade. Por exemplo, para ter competencias avanzadas é preciso, como mínimo desenvolver dúas das novas actividades descritas en "seguridade".


III. Competencias Dixitais

Indicador Global-Evolución Galicia-España

RECORTE DE DISTANCIAS COA MEDIA ESTATAL

Aínda que o cambio de metodoloxía dificulta a comparación, a distancia con España redúcese significativamente:


- Competencias dixitais cando menos básicas: Galicia reduce en 5,5 puntos a distancia coa media estatal en tan só un ano
- Competencias dixitais avanzadas: Galicia pasa de estar a case 6 puntos porcentuais por debaixo da media estatal a estar só a 3 puntos.



Fonte: INE (ETH) 2020-2021
Base: Persoas de 16 a 74 anos

III. Competencias Dixitais

Indicador Global –Comparación Galicia, España, UE



Fonte: INE (ETH) 2021 + EUROSTAT 2021

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota: UE27 Máis información no seguinte enderezo: https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/isoc_sk_dskl_i21/default/table?lang=en


Cabe salientar que a porcentaxe de poboación galega con competencias dixitais avanzadas (35,1%) supera a media europea (26%) en máis de 9 puntos porcentuais. No que se refire a competencias dixitais cando menos básicas, a media galega (61,6%) supera en 8,6 puntos a media europea (53%).

III. Competencias Dixitais

Indicador Global segundo características demográficas principais

Competencias Dixitais segundo características sociodemográficas principais

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: INE (ETH) 202

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

III. Competencias Dixitais

Indicador Global segundo características demográficas principais



		Competencias Dixitais			
		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Non avaiables
Xénero	Home	24,3%	31,2%	33,7%	10,8%
	Muller	32,8%	22,0%	36,3%	8,9%
	Total (%)	28,6%	26,5%	35,1%	9,8%
Idade	16-24 anos	13,6%	34,3%	52,0%	---
	25-34 anos	9,7%	31,6%	58,7%	---
	35-44 anos	16,2%	32,9%	47,6%	3,3%
	45-54 anos	30,0%	27,8%	38,0%	4,2%
	55-64 anos	44,4%	22,1%	20,4%	13,2%
	65-74 anos	46,9%	13,5%	4,6%	35,0%
	Total (%)	28,6%	26,5%	35,1%	9,8%
Situación Laboral	Estudantes	10,5%	20,5%	69,0%	---
	Persoa ocupada por conta allea	21,2%	28,3%	49,6%	0,9%
	Persoa ocupada por conta propia	27,3%	30,9%	34,8%	7,0%
	Parado	31,5%	29,5%	31,3%	7,7%
	Labores do fogar	44,8%	23,7%	4,4%	27,0%
	Pensionistas e outra poboación inactiva	42,8%	22,2%	7,6%	27,3%
	Total (%)	28,6%	26,5%	35,1%	9,8%
Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	46,2%	---	---	53,8%
	Educación Primaria	53,5%	12,0%	3,4%	31,1%
	1º etapa Ed.Secundaria	41,2%	30,1%	14,5%	14,2%
	2º etapa Ed.Secundaria	26,2%	29,9%	37,7%	6,2%
	FP Grao Superior	17,2%	31,3%	51,4%	---
	Educación Universitaria	12,8%	26,8%	60,0%	0,4%
	Total (%)	28,6%	26,5%	35,1%	9,8%

		Competencias Dixitais			
		Menos que básicas	Básicas	Avanzadas	Sen habilidades
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	32,1%	23,9%	38,8%	5,1%
	De 50 a 100 mil habitantes	31,3%	21,0%	36,8%	11,0%
	De 20 a 50 mil habitantes	26,1%	30,6%	39,2%	4,0%
	De 10 a 20 mil habitantes	30,7%	30,2%	26,4%	12,6%
	Menos de 10 mil habitantes	24,3%	25,5%	33,9%	16,4%
	Total (%)	28,6%	26,5%	35,1%	9,8%
Ingresos do Fogar	Menos de 900 euros	35,9%	22,2%	23,4%	18,5%
	De 900 a menos de 1.600 euros	34,8%	20,1%	31,2%	13,9%
	De 1.600 a menos de 2.500 euros	21,2%	30,4%	41,6%	6,8%
	De 2.500 a menos de 3.000 euros	23,7%	32,3%	39,1%	4,9%
	3.000 óu máis euros	14,1%	26,2%	59,6%	---
	Total (%)	28,6%	26,5%	35,1%	9,8%

Fonte: INE (ETH) 202

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

III. Competencias Dixitais

Indicador Global segundo características demográficas principais



Nas táboas anteriores amósase, tras a análise das competencias dixitais segundo características sociodemográficas da poboación que:



As competencias avanzadas están máis estendidas entre as persoas de 25 a 34 anos (58,7%) e tamén entre aqueles galegos/as que actualmente están a estudar (69%). Este tipo de habilidades na contorna dixital é máis frecuente entre aqueles/as que teñen formación universitaria (60%) e contan con rendas superiores aos 3.000 euros ao mes (59,6%).



O nivel de competencias dixitais básicas ou avanzadas superan xa o 80% entre as persoas menores de 45 anos, estudantes e persoas ocupadas por conta allea, con formación en FP ou superior.




As competencias dixitais baixas destacan entre a poboación a partir dos 55 anos, os/as dedicados a labores do fogar ou pensionistas, quen conta cun nivel de estudos inferior á segunda etapa de secundaria, e entre aqueles/as que contan con renda inferior aos 900 euros



IV. Habilidades dixitais: información e alfabetización de datos

Comparativa Galicia-España-UE 27

INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS



Habilidades involucradas:

- Buscar información sobre bens ou servizos
- Buscar información sobre saúde
- Ler novas
- Comprobar fiabilidade da información de Internet verificando as fontes ou por Internet
- Comprobar fiabilidade da información de Internet: participando en debates sobre a información
- Comprobar fiabilidade da información de Internet mediante outras fontes fóra de Internet




En 2021, o 84,7% dos galegos/as de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de información, cunha vantaxe de 4,7 puntos porcentuais coa media europea (80%).

IV. Habilidades dixitais: comunicación e colaboración

Comparativa Galicia-España-UE 27

COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN



Actividades involucradas

- Enviar e recibir correos electrónicos
- Realizar ou recibir videochamadas a través de Internet
- Usar mensajería instantánea
- Participar en redes sociais
- Emitir opinións sobre asuntos de tipo social ou político en sitios web ou en redes sociais
- Tomar parte en consultas online ou votacións sobre asuntos cívicos ou políticos




En 2021, o 88,6% dos galegos/as de 16 a 74 anos teñen habilidades básicas ou avanzadas en materia de comunicación e colaboración, situándose 2,6 puntos por enriba da media europea (86%).

IV. Habilidades dixitais: creación de contidos dixitais

Comparativa Galicia-España-UE 27

CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS



Actividades involucradas

- Usar un procesador de texto
- Usar follas de cálculo
- Usar software para editar fotos, vídeo ou audio
- Copiar ou mover arquivos entre cartafoles, dispositivos ou a nube,
- Crear arquivos que incorporen varios elementos
- Usar funcións avanzadas de follas de cálculo para organizar, estruturar ou modificar datos
- Programar en linguaxe de programación




En 2021, o 69,7% dos galegos/as de 16 a 74 anos teñen habilidades básicas ou avanzadas en creación de contidos dixitais, superando a media europea (66%) en 3,7 puntos porcentuais.

IV. Habilidades dixitais: seguridade

Comparativa Galicia-España-UE 27

SEGURIDADE



En 2021, o 76,2% dos galegos/as de 16 a 74 anos dispoñen de habilidades básicas ou avanzadas en materia de seguridade, moi preto da media estatal (77,1%) e mellorando a media europea (68%) en máis de 8 puntos porcentuais.

Actividades involucradas


- Comprobar seguridade dun sitio web onde proporciona información persoal
- Ler política de privacidade nun sitio web antes de proporcionar información persoal
- Restringir o acceso á ubicación xeográfica
- Limitar acceso ao seu perfil en redes sociais ou de almacenamento compartido
- Denegar uso de información para fins publicitarios
- Configurar navegador de Internet para limitar a cantidade de cookies en calquera dispositivo



IV. Habilidades dixitais: resolución de problemas

Comparativa Galicia-España-UE 27

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS



Actividades involucradas

- Descargar ou instalar software ou aplicacións
- Cambiar configuración de software, aplicación ou dispositivo
- Comprar online nos últimos 12 meses
- Vender bens ou servizos a través dun sitio web ou app
- Realizar curso online (ou parcialmente online)
- Usar material de aprendizaxe online
- Usar banca online
- Buscar emprego ou enviar unha solicitude a un posto de traballo



En 2021, o 81,7% dos galegos/as de 16 a 74 anos teñen habilidades básicas ou avanzadas en materia resolución de problemas, que a sitúa a 3,2 puntos porcentuais da media estatal (84,9%) e mellora a europea (80%)

IV. Competencias Dixitais: Dimensións. Comparativa UE 28



A desagregación de habilidades dixitais por dimensións mostra que Galicia rexistra unha notable vantaxe sobre a media europea nas competencias dixitais básicas ou avanzadas.



As capacidades dixitais relacionadas coa **Comunicación e Colaboración** son as máis estendidas entre a poboación galega onde o 88,6% ten un **nivel básico ou avanzado**, situándose 2,6 puntos por enriba da media europea (86%).



No novo sistema de cálculo de habilidades dixitais impulsado pola UE, incorpórase a nova dimensión de **Seguridade**. As habilidades dixitais en **Seguridade** da poboación galega son as que superan con maior diferenza a media europea. En 2021, o 76,2% dos galegos/as de 16 a 74 anos dispoñen de habilidades básicas ou avanzadas en materia de seguridade, moi preto da media estatal (77,1%) e mellorando a media europea (68%) en máis de 8 puntos porcentuais.



A creación de contidos dixitais é a área competencial menos estendida en Galicia e no conxunto do territorio estatal. Aínda así, a porcentaxe de galegos/as de 16 a 74 anos con habilidades básicas ou avanzadas en creación de contidos dixitais (69,7%), supera a media europea (66%) en 3,7 puntos porcentuais





V. Competencias Dixitais da poboación galega por dimensións e características sociodemográficas

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas

INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS

INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS			
		Básico	Avanzado
Xénero	Home	9,5%	74,5%
	Muller	10,9%	74,4%
	Total (%)	10,2%	74,5%
Idade	16-24 anos	10,4%	82,0%
	25-34 anos	2,2%	96,1%
	35-44 anos	7,4%	86,5%
	45-54 anos	5,4%	86,5%
	55-64 anos	17,1%	62,6%
	65-74 anos	17,6%	36,5%
	Total (%)	10,2%	74,5%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	10,3%	66,9%
	Fogares de 2 membros	12,1%	63,7%
	Fogares de 3 membros	13,0%	75,2%
	Fogares de 4 membros	5,2%	86,0%
	Fogares de 5 ou máis membros	10,9%	77,4%
	Total (%)	10,2%	74,5%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	9,6%	80,2%
	De 50 a 100 mil habitantes	14,7%	73,2%
	De 20 a 50 mil habitantes	8,8%	81,0%
	De 10 a 20 mil habitantes	14,7%	66,9%
	Menos de 10 mil habitantes	7,5%	69,8%
	Total (%)	10,2%	74,5%
Provincia	A Coruña	10,2%	77,6%
	Lugo	10,8%	71,9%
	Ourense	11,7%	69,9%
	Pontevedra	9,5%	72,8%
	Total (%)	10,2%	74,5%



INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS			
		Básico	Avanzado
Sit. Laboral	Activos ocupados	8,3%	85,9%
	Activos parados	6,9%	77,5%
	Estudantes	13,7%	83,8%
	Labores do fogar	6,7%	57,8%
	Pensionistas	18,7%	44,5%
	Outra situación laboral	7,1%	60,2%
	Total (%)	10,2%	74,5%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	3,8%	12,4%
	Educación Primaria	22,2%	35,5%
	Primeira etapa de Educación Secundaria	16,4%	62,3%
	Segunda etapa de Educación Secundaria	7,9%	81,8%
	Formación Profesional de Grao Superior	8,7%	86,6%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	1,7%	98,3%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	3,8%	94,2%
	Doutoramento universitario	---	100%
	Total (%)	10,2%	74,5%

		COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN	
		Básico	Avanzado
Situación Laboral	Activos ocupados	4,9%	91,8%
	Activos parados	11,9%	79,1%
	Estudiantes	---	100,0%
	Labores do fogar	7,1%	65,8%
	Pensionistas	8,8%	55,6%
	Outra situación laboral	2,0%	79,8%
	Total (%)	6,1%	82,5%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	12,2%	27,7%
	Educación primaria	8,9%	57,9%
	Primeira etapa de educación secundaria	8,4%	75,2%
	Segunda etapa de educación secundaria	7,4%	85,9%
	Formación profesional de grao superior	5,9%	94,1%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	0,0%	100,0%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	1,5%	93,9%
	Doutoramento universitario	---	100%
Total (%)		6,1%	82,5%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas

CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS

CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS			
		Básico	Avanzado
Xénero	Home	20,4%	50,5%
	Muller	20,9%	47,4%
	Total (%)	20,7%	49,0%
Idade	16-24 anos	9,9%	90,1%
	25-34 anos	24,8%	68,7%
	35-44 anos	21,3%	65,3%
	45-54 anos	24,1%	50,1%
	55-64 anos	23,7%	30,7%
	65-74 anos	15,1%	8,9%
	Total (%)	20,7%	49,0%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	25,1%	32,7%
	Fogares de 2 membros	21,0%	29,5%
	Fogares de 3 membros	18,3%	52,5%
	Fogares de 4 membros	16,7%	68,8%
	Fogares de 5 ou máis membros	34,1%	53,0%
	Total (%)	20,7%	49,0%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	23,6%	50,3%
	De 50 a 100 mil habitantes	22,7%	46,9%
	De 20 a 50 mil habitantes	24,5%	52,2%
	De 10 a 20 mil habitantes	16,0%	44,9%
	Menos de 10 mil habitantes	17,9%	48,7%
	Total (%)	20,7%	49,0%
Provincia	A Coruña	21,8%	50,3%
	Lugo	29,8%	38,3%
	Ourense	19,1%	47,8%
	Pontevedra	16,7%	51,2%
	Total (%)	20,7%	49,0%




CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS			
		Básico	Avanzado
Situación Laboral	Activos ocupados	19,8%	62,4%
	Activos parados	35,2%	41,2%
	Estudiantes	1,3%	98,7%
	Labores do fogar	18,8%	13,5%
	Pensionistas	18,3%	11,8%
	Outra situación laboral	27,3%	26,9%
	Total (%)	20,7%	49,0%
	Analfabetos e primaria incompleta	---	---
Nivel de Estudos	Educación primaria	15,4%	6,9%
	Primeira etapa de educación secundaria	29,1%	26,2%
	Segunda etapa de educación secundaria	24,8%	52,7%
	Formación profesional de grao superior	15,7%	71,1%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	23,8%	72,3%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	12,2%	80,5%
	Doutoramento universitario	6,3%	93,7%
	Total (%)	20,7%	49,0%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas

SEGURIDADE

SEGURIDADE			
Xénero		Básico	Avanzado
	Home	22,6%	54,8%
	Muller	15,4%	59,9%
	Total (%)	18,9%	57,3%
Idade	16-24 anos	34,0%	59,9%
	25-34 anos	6,9%	88,1%
	35-44 anos	20,9%	71,5%
	45-54 anos	19,7%	63,8%
	55-64 anos	18,3%	43,2%
	65-74 anos	16,4%	23,2%
	Total (%)	18,9%	57,3%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	16,9%	51,0%
	Fogares de 2 membros	20,0%	39,8%
	Fogares de 3 membros	18,6%	60,4%
	Fogares de 4 membros	18,0%	74,0%
	Fogares de 5 ou máis membros	21,6%	56,6%
	Total (%)	18,9%	57,3%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	17,8%	59,3%
	De 50 a 100 mil habitantes	9,2%	69,3%
	De 20 a 50 mil habitantes	22,4%	61,3%
	De 10 a 20 mil habitantes	22,9%	51,2%
	Menos de 10 mil habitantes	17,4%	54,5%
	Total (%)	18,9%	57,3%
Provincia	A Coruña	20,5%	58,4%
	Lugo	17,0%	56,9%
	Ourense	20,2%	51,7%
	Pontevedra	17,3%	57,8%
	Total (%)	18,9%	57,3%



SEGURIDADE			
Situación Laboral		Básico	Avanzado
	Activos ocupados	19,1%	68,5%
	Activos parados	14,0%	61,4%
	Estudantes	22,3%	69,8%
	Labores do fogar	27,0%	30,3%
	Pensionistas	17,5%	25,4%
	Outra situación laboral	22,3%	52,4%
	Total (%)	18,9%	57,3%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	2,5%	23,7%
	Educación primaria	19,3%	20,2%
	Primeira etapa de educación secundaria	24,2%	40,1%
	Segunda etapa de educación secundaria	14,8%	67,6%
	Formación profesional de grao superior	27,7%	68,8%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	16,5%	73,7%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	15,2%	77,1%
	Doutoramento universitario	6,3%	93,7%
	Total (%)	18,9%	57,3%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS


RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS		Básico	Avanzado
Xénero	Home	21,9%	61,4%
	Muller	19,5%	60,7%
Total (%)		20,7%	61,0%
Idade	16-24 anos	17,8%	82,2%
	25-34 anos	3,8%	96,2%
	35-44 anos	9,0%	85,8%
	45-54 anos	24,7%	62,1%
	55-64 anos	33,5%	39,5%
	65-74 anos	29,1%	15,1%
Total (%)		20,7%	61,0%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	32,8%	42,5%
	Fogares de 2 membros	28,6%	40,6%
	Fogares de 3 membros	17,7%	63,7%
	Fogares de 4 membros	10,6%	81,6%
	Fogares de 5 ou máis membros	24,4%	70,6%
Total (%)		20,7%	61,0%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	20,6%	66,4%
	De 50 a 100 mil habitantes	35,9%	43,5%
	De 20 a 50 mil habitantes	20,8%	66,3%
	De 10 a 20 mil habitantes	20,3%	54,8%
	Menos de 10 mil habitantes	17,8%	59,9%
Total (%)		20,7%	61,0%
Provincia	A Coruña	20,0%	63,5%
	Lugo	29,4%	56,9%
	Ourense	23,7%	53,1%
	Pontevedra	18,0%	61,5%
Total (%)		20,7%	61,0%



RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS		Básico	Avanzado
Situación Laboral	Activos ocupados	16,9%	74,6%
	Activos parados	21,2%	66,4%
	Estudantes	10,8%	89,2%
	Labores do fogar	36,3%	15,3%
	Pensionistas	30,4%	19,4%
	Outra situación laboral	24,1%	54,8%
Total (%)		20,7%	61,0%
Nivel de Estudos	Analfabetos e primaria incompleta	23,7%	---
	Educación primaria	28,6%	21,2%
	Primeira etapa de educación secundaria	31,5%	40,5%
	Segunda etapa de educación secundaria	21,9%	64,3%
	Formación profesional de grao superior	11,4%	87,0%
	Diplomatura universitaria e equivalentes	7,6%	91,1%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	14,0%	82,9%
	Doutoramento universitario	---	100,0%
Total (%)		20,7%	61,0%

V. Competencias Dixitais:

Dimensións e Características Sociodemográficas



COMPETENCIAS AVANZADAS

En todas as dimensións (Información e Alfabetización de Datos, Comunicación e Colaboración, Creación de Contidos Dixitais, Seguridade e Resolución de Problemas) as competencias avanzadas están máis estendidas entre as persoas de 16 a 24 anos e 25 e 34 anos, estudantes e residentes en concellos de máis de 20 mil habitantes. Ademais, e como se destacaba no indicador global, con carácter xeral, este tipo de habilidades é máis frecuente entre aqueles/as que teñen formación universitaria e nos fogares con catro ou máis membros.

Cabe salientar que nas dimensións de Comunicación e Colaboración e Seguridade as mulleres superan aos homes no nivel avanzado.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Tendo en conta as competencias dixitais básicas da poboación galega de 16 a 74 anos en cada unha das dimensións, obsérvase que son as persoas maiores de 55 anos, inactivas (parados, labores do fogar, pensionistas,..), e os que teñen estudos inferiores á Educación Secundaria, os que acadan porcentaxes máis elevadas dentro das competencias básicas.






VI. Perfís da poboación que acada competencias polo menos básicas (básicas ou avanzadas)

VI. Competencias Dixitais polo menos básicas (básicas ou avanzadas) segundo características sociodemográficas. Galicia

Competencias Dixitais polo menos básicas segundo características sociodemográficas principais

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: INE (ETH) 2021

Base: Persoas de 16 a 74 anos

Nota. Ingresos referidos a "ingresos mensuais netos no fogar"

VI. Competencias Dixitais polo menos básicas (básicas ou avanzadas) segundo características sociodemográficas. Comparativa coa media estatal

Competencias Dixitais polo menos básicas segundo características sociodemográficas principais
Comparación Galicia-España 2021
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Perfil sociodemográfico da poboación con capacidades dixitais polo menos básicas por dimensións

INFORMACIÓN E ALFABETIZACIÓN DE DATOS

SEXO: MULLER

85,3%

IDADE: 25-34 ANOS

98,3%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

97,5%

ESTUDOS: DOUTORAMENTO / DIPLOMATURA UNIVERSITARIA

100%

HÁBITAT: 20-50 MIL HABITANTES / MÁIS DE 100 MI HABITANTES

89,8%

Nº PERSOAS NO FOGAR: FOGARES DE 4 MEMBROS

91,2%

COMUNICACIÓN E COLABORACIÓN

SEXO: MULLER

90,5%

IDADE: 16-24 ANOS / 25-34 ANOS

100,0%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

100,0%

ESTUDOS: DOUTORAMENTO / DIPLOMATURA UNIVERSITARIA / FP SUPERIOR

100%

HÁBITAT: 20-50 MIL HABITANTES

93,7%

Nº PERSOAS NO FOGAR: FOGARES DE 5 OU MÁIS MEMBROS

100,0%

INDICADOR GLOBAL DE COMPETENCIAS DIXITAIS

SEXO: HOME

64,9%

IDADE: 25-34 ANOS

90,3%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

89,5%

ESTUDOS: DOUTORAMENTO

100%

HÁBITAT: 20-50 MIL

69,8%

Nº PERSOAS NO FOGAR FOGARES DE 4 MEMBROS

79,5%

CREACIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS

SEXO: HOME

70,9%

IDADE: 16-24 ANOS

100,0%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

100,0%

ESTUDOS: DOUTORAMENTO

100%

HÁBITAT: 20-50 MIL HABITANTES

76,7%

Nº PERSOAS NO FOGAR: FOGARES DE 5 OU MÁIS MEMBROS

87,1%

SEGURIDADE

SEXO: HOME

77,4%

IDADE: 25-34 ANOS

95,0%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

92,1%

ESTUDOS: DOUTORAMENTO

100%

HÁBITAT: 50-100 MIL HABITANTES

83,7%

Nº PERSOAS NO FOGAR: FOGARES DE 4 MEMBROS

92,0%

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

SEXO: HOME

83,3%

IDADE: 16-24 ANOS / 25-34 ANOS

100,0%

SITUACIÓN LABORAL: ESTUDANTES

100,0%

ESTUDOS: DOUTORAMENTO

100%

HÁBITAT: 20-50 MIL HABITANTES

87,1%

Nº PERSOAS NO FOGAR: FOGARES DE 5 OU MÁIS MEMBROS

95,0%

VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo


Poboación Internauta

A continuación móstranse os datos anteriores considerando soamente a poboación que utilizou Internet nos últimos tres meses en lugar do conxunto da poboación.

Cabe salientar que máis do 98,3% dos internautas galegos teñen competencias de comunicación e colaboración, e o 93,9% en información e alfabetización de datos en nivel básico ou avanzado e sitúase no 90,7% en competencias de resolución de problemas.

Competencias Dixitais polo menos básicas por dimensión
Comparación Galicia-España UE
2021

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que nos últimos 3 meses utilizou Internet)



Fonte: INE (ETH) 2021 + EUROSTAT 2021

Base: Persoas de 16 a 74 anos que nos últimos 3 meses utilizou Internet

https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/ISOC_SK_DSKL_I21__custom_2986603/default/table?lang=en


VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Poboación Internauta

Galicia sitúase no sexto lugar entre as Comunidades Autónomas con máis proporción de persoas con habilidades básicas ou avanzadas entre a poboación que manexa Internet

Competencias Dixitais polo menos básicas
Comparación Galicia-España 2021

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que nos últimos 3 meses utilizou Internet)



Fonte: INE (ETH) 2021 + EUROSTAT 2021

Base: Persoas de 16 a 74 anos que nos últimos 3 meses utilizou Internet

https://ec.europa.eu/eurostat/databrowser/view/ISOC_SK_DSKL_I21__custom_2986603/default/table?lang=en

VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Poboación Internauta

		Competencias Dixitais	Información e Alfabetización de datos	Comunicación e Colaboración	Creación de Contidos Dixitais	Seguridade	Resolución de Problemas
Xénero	Home	72,7%	94,2%	97,1%	79,6%	86,7%	93,4%
	Muller	64,0%	93,6%	99,4%	75,0%	82,6%	88,1%
	Total (%)	68,3%	93,9%	98,3%	77,2%	84,6%	90,7%
Idade	16-24 anos	86,3%	92,4%	100%	100%	93,9%	100%
	25-34 anos	90,3%	98,3%	100%	93,5%	95,0%	100%
	35-44 anos	83,3%	97,2%	99,1%	89,6%	95,5%	98,1%
	45-54 anos	68,8%	96,0%	98,2%	77,5%	87,2%	90,6%
	55-64 anos	48,9%	91,8%	97,8%	62,6%	70,8%	84,1%
	65-74 anos	27,9%	83,3%	93,8%	36,9%	60,7%	67,8%
	Total (%)	68,3%	93,9%	98,3%	77,2%	84,6%	90,7%
Nº de persoas no fogar	Fogares de 1 membro	57,8%	88,7%	98,1%	66,3%	78,1%	86,5%
	Fogares de 2 membros	52,2%	92,7%	97,1%	61,7%	73,1%	84,5%
	Fogares de 3 membros	72,9%	97,5%	96,9%	78,2%	87,2%	89,8%
	Fogares de 4 membros	83,0%	95,2%	100%	89,4%	96,0%	96,3%
	Fogares de 5 ou máis membros	61,3%	88,3%	100%	87,1%	78,2%	95,0%
	Total (%)	68,3%	93,9%	98,3%	77,2%	84,6%	90,7%
Tamaño Hábitat	Máis de 100 mil habitantes	66,1%	94,6%	97,5%	77,9%	81,3%	91,8%
	De 50 a 100 mil habitantes	64,8%	99%	96,6%	78,2%	88,2%	89,2%
	De 20 a 50 mil habitantes	72,8%	93,6%	97,6%	79,9%	87,3%	90,7%
	De 10 a 20 mil habitantes	64,9%	93,3%	99,0%	69,7%	84,8%	85,9%
	Menos de 10 mil habitantes	70,9%	92,4%	99,5%	79,6%	86,0%	92,9%
	Total (%)	68,3%	93,9%	98,3%	77,2%	84,6%	90,7%
Provincia	A Coruña	71,3%	95,9%	98,5%	78,7%	86,2%	91,2%
	Lugo	64,8%	90,6%	100%	74,5%	81,0%	94,5%
	Ourense	62,7%	92,2%	99,2%	75,6%	81,2%	86,8%
	Pontevedra	67,1%	92,9%	97,1%	76,7%	84,7%	89,8%
	Total (%)	68,3%	93,9%	98,3%	77,2%	84,6%	90,7%

VI. Competencias Dixitais: Análise descritivo

Poboación Internauta

		Habilidades Dixitais (básicas + avanzadas)entre os internautas					
		Competencias Dixitais	Información e Alfabetización de datos	Comunicación e Colaboración	Creación de Contidos	Seguridade	Resolución de Problemas
					Dixitais		
Sit. Laboral	Activos ocupados	77,0%	96,3%	98,8%	83,9%	89,5%	93,5%
	Activos parados	65,9%	91,4%	98,6%	82,7%	81,7%	94,9%
	Estudantes	89,5%	98,0%	100%	100%	92,1%	100%
	Labores do fogar	38,6%	88,4%	100%	44,3%	78,5%	70,8%
	Pensionistas	35,2%	92,0%	93,9%	43,7%	62,4%	72,6%
	Outra situación laboral	54,3%	80,3%	97,7%	64,7%	89,2%	94,3%
	Total (%)	68,3%	93,9%	98,3%	77,2%	84,6%	90,7%
Nivel de Estudos	Analfabetos e estudos primarios incompletos	---	35,0%	86,1%	---	56,8%	51,3%
	Educación Primaria	22,3%	83,8%	97,0%	32,4%	57,5%	72,3%
	Primeira etapa da Educación Secundaria	52,0%	91,8%	97,5%	64,5%	75,0%	83,9%
	Segunda etapa da Educación Secundaria	72,1%	95,6%	99,5%	82,7%	87,9%	91,9%
	FP Grao Superior	82,7%	95,3%	100%	86,8%	96,5%	98,4%
	Educación Universitaria	86,1%	100%	100%	96,1%	90,2%	98,7%
	Licenciatura universitaria, máster e equivalentes	87,0%	98,8%	96,0%	93,3%	93,0%	97,6%
	Doutoramento universitario	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Total (%)		68,3%	93,9%	98,3%	77,2%	84,6%	90,7%



V. Conclusiones

V. Conclusións

TENDENCIAS

A transformación dixital de Galicia reflíctese no aumento das competencias dixitais básicas e avanzadas entre a poboación.

A porcentaxe de galegos/as con competencias básicas ou avanzadas aumenta do 52,1% ao 61,6% no último ano.

Galicia avanza ata o sexto lugar entre as Comunidades Autónomas con máis proporción de persoas con habilidades básicas ou avanzadas entre a poboación que manexa Internet

A desagregación de habilidades dixitais por dimensións mostra que Galicia rexistra unha notable vantaxe sobre a media europea nas competencias dixitais básicas ou avanzadas

DEBILIDADES

As competencias dixitais baixas destacan entre a poboación a partir dos 55 anos, os/as dedicados a labores do fogar ou pensionistas, quen conta cun nivel de estudos inferior á segunda etapa de secundaria, e entre aqueles/as que contan con escasos ingresos



COMPETENCIAS DIXITAIS

As capacidades dixitais relacionadas coa Comunicación e Colaboración son as máis estendidas entre a poboación galega.

As habilidades dixitais en Seguridade da poboación galega son as que superan con maior diferenza a media europea.

A creación de contidos dixitais é a área competencial menos estendida en Galicia e, en xeral, no conxunto do territorio estatal.

PERSPECTIVA DE CRECEMENTO

A porcentaxe de galegos/as con competencias dixitais básicas ou avanzadas incrementouse un 18,2% no último ano.

Estes datos mostran unha tendencia positiva. Non obstante, este incremento da capacitación dixital dependerá, entre outros factores, de:

- Progresiva incorporación das persoas que actualmente non empregan Internet
- Aumento do nivel educativo xeral que segue unha tendencia paralela ao aumento do nivel dixitalización
- Impulso na dixitalización dos autónomos/as e a poboación maior de 55 anos



VI. Outros estudos OSIMGA de referencia

VI. Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe avalía a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estructural a fogares" do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.



O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais dende o punto de vista do emprego, a riqueza e a demografía empresarial.



"Galicia. A economía en dixital. A sociedade da información nas empresas de Galicia. Edición 2021" O OSIMGA elabora o seguimento e a avaliación anual dunha serie de indicadores relativos ao tecido empresarial galego, de xeito que permite determinar a situación e a evolución da dixitalización das empresas galegas



A información que se presenta procede da "A Sociedade de Información en Galicia dende unha perspectiva de xénero" analiza comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e comunicación en Galicia a través de datos proporcionados por o IGE e o INE (TIC-H).



O estudo "Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia. Edición 2020", elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (Osimga), en base unha enquisa realizada entre maio e xullo do ano 2021, recollendo indicadores novos como o teletraballo ou a adopción de tecnoloxías disruptivas. Este é un estudo de referencia do sector empresarial TIC galego que realiza OSIMGA, incluído no Plan Galego de Estatística 2017-2021. Presenta información directa de máis de 450 empresas tecnolóxicas galegas.



A información que se presenta procede da "A Administración electrónica na Administración pública de Galicia. Edición 2021". Describe o nivel de dixitalización dos diferentes órganos administrativos de Galicia e coma inflúe estes na dixitalización da sociedade.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA



Xacobeo 21-22